

# FICHA 1

NOME: \_\_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

Como xa sabedes, a sílaba é un golpe de voz. As palabras poden ter una ou varias sílabas. *Según o número de sílabas clasifícanse en:*

- Monosílabas: una sílaba. Exemplo: mar
- Bisílabas: dúas sílabas. Exemplo: tarta
- Trisílabas: tres sílabas. Exemplo: reinado
- Polisílabas: catro ou máis sílabas. Exemplo: rectángulo.

Por outro lado imos diferenciar entre sílaba tónica e sílaba átona:

**Sílaba tónica** é a que pronunciamos con maior intensidade nunha palabra. Exemplo: bo-**ni**-ta. O resto das sílabas reciben o nome de **átonas**.

Polo tanto, una vez aprendido isto podemos decir que a palabra bonito que puxen de exemplo, según o número de sílabas é una palabra trisílaba. A súa sílaba tónica é ni, e as súas sílabas átonas son: bo, ta.

Una vez feito dita aclaración procedemos a realizar os seguintes exercicios:

1. Separa en sílabas as seguintes palabras e subliña de cor azul a sílaba tónica:  
Comercio, calor, teléfono, autobús, libros, estómago, morriña, sal, arroutada.
2. Escribe dúas palabras coa sílaba tónica no último lugar, por exemplo **salmón**.
3. Escribe dúas palabras coa sílaba tónica no penúltimo lugar, por exemplo **lanza**.
4. Escribe dúas palabras coa sílaba tónica no antepenúltimo lugar, por exemplo **brétema**.
5. Diferencia en cada palabra a sílaba tónica (en vermello) e a/s sílaba/s átona/s (en azul).  
Espantallo, toxo, cartón, casa, sentidiño.

## FICHA 2

NOME: \_\_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

Le este texto e fai as actividades.

### A CONSOLA

Dende fai dous meses teño una consola nova. Regaláronma os meus tíos de Madrid polo meu noveno aniversario. Meus pais non querían, porque din que os nenos pásanse xogando todo o día. Pero eu non mo creo, moitos dos meus compañeiros teñen videoxogos e seguen facendo cousas como antes. Ademais non a podo utilizar cando queira, os meus pais deixánme que xogue con ela un ratiño cada día, una vez remato os deberes, aínda que os fins de semana podo utilizala máis tempo, sempre e cando me porte ben.

Os videoxogos que máis me gustan son os de coches e os de fútbol, e ás veces o meu pai xoga connigo. Iso gústame moito, ademais sempre perde.

### **RESPONDE:**

1. Dende cando ten una consola?
2. Quen lla regalou?
3. Pode xogar cando quere con ela?
4. Por qué os seus pais non querían que lla comprasen?
5. Que tipos de videoxogos lle gusta?

## FICHA 3

### O adxectivo

PLAN DE MELLORA. Ficha 1

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

#### LEMBRA

Os **adxectivos** son palabras que nos din como son ou como están as persoas, os animais ou as cousas.

Os adxectivos sempre se refiren a un substantivo e teñen o mesmo xénero e número ca el.

#### 1 Pinta as etiquetas que conteñan adxectivos.

constipada

doce

roto

sucios

quería

onte

vella

colexio

boas

pequenos

#### 2 Completa cos adxectivos que pintaches antes.



un xogete \_\_\_\_\_



unha casa \_\_\_\_\_



os meniños \_\_\_\_\_



unhas \_\_\_\_\_ vacacións



uns pratos \_\_\_\_\_



a rapaza \_\_\_\_\_

#### 3 Completa a túa descrición cos adxectivos necesarios.

Eu son \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_. Teño os ollos \_\_\_\_\_

e o pelo \_\_\_\_\_. De carácter, son \_\_\_\_\_.

## FICHA 4

# 6

## Comprendo un texto informativo

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### Un equipamento a proba de lume

Seguro que sabes quen son os bombeiros: son os que apagan os incendios e rescatan as persoas en situacións de perigo, como accidentes, inundacións, terremotos, etc. O seu é un traballo arriscado e duro. Pero os bombeiros son valentes, fortes e áxiles, e ademais contan cun bo equipamento. Queres saber cal? Velaquí o tes.

#### Botella de aire comprimido

O bombeiro conéctaa cando non hai aire para respirar e permítelle traballar durante 40 minutos. Pesa 4 quilos.

#### Emisora

Vai suxeita á chaqueta. É importante estar comunicado sempre cos demais.

#### Traxe multicapa

A chaqueta e os pantalóns están confeccionados con varias capas de materiais. Son unha barreira antilume e antihumidade, pero á vez permiten moverse con liberdade porque só pesan 3 quilos. O traxe non leva cremalleiras nin botóns, porque coa calor quecen e queimarian. Todas as partes se axustan con velcro.



#### Casco

É cómodo e lixeiro. Só pesa 1 quilo.

#### Viseira

Protexe os ollos da calor e do cegamento.

#### Máscara

Filtra o aire para respirar mellor cando hai fume.

#### Bandas luminescentes

Van na chaqueta, no casco e nos pantalóns. Así os bombeiros localízanse entre eles cando hai moito fume.

#### Botas

Teñen punteiras reforzadas e son moi resistentes; así poden aguantar que lles caia enriba un obxecto pesado sen ferirse.

## FICHA 5

**1** Explica que labor fan os bombeiros.

---

---

**2** Arrodea as cousas que pertencen ao equipamento do bombeiro e risca as que non.

- |           |                |   |
|-----------|----------------|---|
| • cordóns | • botóns       | • botas con punteiras reforzadas        |
| • casco   | • cremalleiras | • traxe multicapa (chaqueta e pantalón) |
| • capa    | • velcro       | • lentes de sol                         |
| • viseira | • emisora      | • bandas luminescentes                  |
| • máscara | • cantimplora  | • botella de aire comprimido            |

**3** Escribe o nome e relaciona. Que elemento realiza cada función?



\_\_\_\_\_ •

- Permite comunicarse con outros bombeiros.



\_\_\_\_\_ •

- Filtra o aire para respirar mellor cando hai fume.



\_\_\_\_\_ •

- Protexe os ollos da calor e do cegamento.

**4** Responde coma se foses un bombeiro e xustifícao con datos da lectura.

- Se che cae auga enriba, móllaste? \_\_\_\_\_

---

- Pode prender lume no teu traxe? \_\_\_\_\_

- Que fas cando tes que entrar nun lugar onde non hai aire? \_\_\_\_\_

---